



BASES PARA A CONTRATACION DE CINCO TRABALLADORES/AS DESEMPREGADOS AO AMPARO DAS SUBVENCÍONS PARA O FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL (APROL RURAL)

Primeira: As presentes bases regulan o procedemento selectivo para a contratación de Cinco traballadores/as para os seguintes postos: un condutor, dous peóns de limpeza de edificios e locais e 2 peóns de limpeza de rúas para actuación denominada “*mantemento e conservación de espazos públicos e conservación ambiental*” (EXPD. TR351G 2016/13-5), ao abeiro da *Orde do 14 de xullo de 2016 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural)* (DOG num 144 do 1 de agosto), tal como consta na resolución da Xefatural do Servizo de Emprego e Economía Social de 27 de setembro de 2016.

O contrato da actuación terá unha duración de 6 meses, sendo a xornada completa, baixo a modalidade *contrato de traballo temporal coas cláusulas específicas de traballos de interese social*. As retribucións serán as correspondentes ás fixadas para cada posto, segundo o convenio colectivo vixente no momento de formular a solicitude e tal como foi concedida a subvención.

Segunda.- As persoas interesada en tomar parte nesta contratación, deberán reuni-los seguintes requisitos:

- a. Ter cumpridos os 16 anos de idade, e non excedan, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- b. Estar en posesión da titulación de certificado de estudos primarios ou equivalente para o caso dos postos de peóns ou graduado escolar ou equivalente para o posto de condutor .
- c. Non padecer enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.
- d. Non estar separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera administración pública, nin atoparse inhabilitado por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.
- e. Para os nacionais doutros estados estarase ao disposto no artigo 57 do Estatuto Básico do Empregado Público; non obstante, se non é cidadán membro da Unión

Concello das Neves

Praza da Cristiandade, 1 As Neves. 36440 Pontevedra
Tfno. 986 648 038. Fax. 986 648 052. Email: asneves@fegamp.gal

Europea, deberá, posuí-lo permiso de traballo necesario, dacordo co establecido na Lei Orgánica 4/2000, de 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos extranxeiros en España e a súa integración social.

- f. Non atoparse incurso en ningunha das causas de incapacidade e incompatibilidade previstas na lexislación vixente.

Terceira: Dacordo co artigo 12 da *Orde do 14 de xullo de 2016*, terán preferencia para a contratación, en todo caso, os colectivos con especiais dificultades de inserción laboral e, se é o caso, aqueles que teñan previsto a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción profesional, tales como:

- a. Mulleres e, en especial, aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia.
- b. Menores de 30 anos, en especial, as persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional.
- c. Persoas paradas de longa duración.
- d. Persoas con discapacidade.
- e. Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que teñan dereito.
- f. Persoas desempregadas maiores de 45 anos.
- g. Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia.

Tódolos requisitos anteriormente citados deberán posuírse no día da entrevista.

Así mesmo, terase en conta o menor nivel de protección por desemprego das posibles persoas beneficiarias, así como a existencia de responsabilidades familiares, entendéndose por estas ter a cargo da persoa traballadora que se contrare o/a conxuxe, fillo e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento.

Tal como consta no referido artigo 12.2 da orde de convocatoria, *os traballadores e traballadoras que fosen contratados, por un período igual ou superior a seis meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2015 pola Consellería de Traballo e Benestar no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego, para a contratación de persoas*



desempregadas, non poderán ser contratadas con cargo ás axudas previstas nesta orde.

Cuarta.- A selección efectuarase mediante a correspondente oferta na Oficina de Emprego. Os/as candidatos/as presentaranse no Concello o día que sexan convocados/as aportando a documentación requerida nas presentes bases, a efectos de realizar a entrevista contemplada nas Bases.

As presentes bases estarán expostas ao público no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web do Concello: www.asneves.com, así como tódolos actos derivados desta contratación.

Quinta.- Na selección valoraranse os seguinte méritos:

1.- Formación Profesional: A puntuación máxima neste apartado será de 3 puntos. Valoraranse os cursos impartidos pola Escola Galega de Administración Pública ou calquera outro organismo público competente para imparti-los relacionados coa praza á que aspira:

- Cursos ata 25 horas: 0,10 puntos por curso
- Cursos de 26 a 50 horas: 0,20 puntos por curso
- Cursos de 51 a 100 horas: 0,30 puntos por curso
- Cursos de máis de 100 horas: 0.50 puntos por curso
- Cursos ou xornadas nos que non veñan especificados o nº de horas: 0.05 puntos por curso ou xornada

2.- Acreditación do grado de coñecemento de Galego:

- a) Por estar en posesión do Celga 1: 0,15 puntos
- b) Por estar en posesión do Celga 2: 0.20 puntos
- c) Por estar en posesión do Celga 3 ou Curso de Iniciación a Lingua Galega: 0.30 puntos.
- d) Por estar en posesión do Celga 4 ou Curso de Perfeccionamento de Lingua Galega: 0.5 puntos
- e) Celga 5 ou superiores: 1 punto



Este mérito acreditarase mediante título ou certificado validado ou expedido pola Dirección Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia ou pola Escola Galega de Administración Pública ou por Centros Oficiais.

No caso de acreditar varios cursos terase en conta só o de maior puntuación.

3.- Situación persoal: Dacordo co citado artigo 12 da *Orde do 14 xullo de 2016*, terase en conta o menor nivel de protección por desemprego das posibles persoas beneficiarias, así como a existencia de responsabilidades familiares, entendéndose por estas ter a cargo da persoa traballadora desempregada o/a cónxuxe, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento.

A puntuación máxima neste apartado será de 2 puntos:

- Persoas que non reciban ningunha prestación económica por desemprego: 1 punto.
- Existencia de responsabilidades familiares: 0.50 puntos por cada persoa o seu cargo, previa acreditación documental (máximo 1 punto)

Sexta.- Tódolos candidatos deberán realizar unha **entrevista** cos membros da Comisión de Selección na que se tratarán tódolos aspectos relacionados coas funcións a desenvolver, valorándose de 0 a 2,00 puntos.

En caso de empate se contratará a persoa que acredite maior antigüidade na situación de desemprego.

Previamente a contratación do/a traballador/a seleccionado, se levará a cabo a compulsa da documentación aportada, a vista dos orixinais.

Non obstante o establecido nas presentes bases, os resultados da selección e a posterior contratación deberán axustarse o establecido na Orde do 14 de xullo de 2016, tendo en conta que no artígo 10 d) se establece o seguinte: *Asignado o número final de contratacións, as entidades locais beneficiarias realizarán as contratacións de tal forma que polo menos a metade das que realice cada concello sexan mulleres e persoas menores de 30 anos, salvo que a oficina do Servizo Público de Emprego de Galicia xustifique que non existen persoas candidatas de tales colectivos en número suficiente para atender a oferta.*

Concello das Neves

Praza da Cristiandade, 1 As Neves. 36440 Pontevedra
Tfno. 986 648 038. Fax. 986 648 052. Email: asneves@fegamp.gal



Sétima .- A Comisión seleccionadora estará integrada polos seguintes membros:

Presidenta: Dona M^a Isabel Martín Alonso, ou persona en quen delegue

Vocais:

- Don Manuel Gándara Souto, ou persona en quen delegue
- Dona Ana M^a Cuesta Jorge, ou persona en quen delegue
- Dona Esperanza Goyanes López, ou persona en quen delegue

Secretaria: Dona Concepción Eulalia Solano De Eyto, ou persona en quen delegue

Oitava.- Valorados tódolos méritos alegados polos aspirantes que reúnan as condicións esixidas, a Comisión formulará a correspondente proposta de designación a favor dos candidatos que obtivesen a maior puntuación. . En caso de baixas ou substitucións, procederase ó chamamento da seguinte persoa, por rigurosa orde de puntuación, sempre que reúna os requisitos da Orde de convocatoria.

O Sr. Alcalde procederá a efectua-lo nomeamento, asinándose cos aspirantes seleccionados o corresponde contrato laboral.

Novena.-*Para o non previsto nestas Bases, rexerán como supletorias: a Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia; Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases de Réxime Local; Real Decreto 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local, e demais disposicións concordante*



As Neves, 10 de outubro de 2016
O Alcalde-Presidente

Asdo: Xosé Manuel Rodríguez Méndez

Concello das Neves

Praza da Cristiandade,1 As Neves. 36440 Pontevedra
Tfno. 986 648 038. Fax. 986 648 052. Email: asneves@fegamp.gal